




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Como consecuencia da implantación completa, nun só curso, do novo plan de estudos da Licenciatura de Dereito aprobado polo Consello de Goberno o 9 de abril de 2003, e co fin de propiciar a adaptación do maior número de alumnos posible, de conformidade co acordo do Consello de Goberno do 12 de xuño de 2003, considérase oportuno autorizar, de xeito excepcional e só para o curso 2003-2004, a inscrición na convocatoria extraordinaria de decembro, en materias do plan antigo de 1953, dos alumnos que se teñan adaptado e matriculado no plan novo, nas condicións que se sinalan na presente resolución.

Por todo o indicado **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Os alumnos que se adapten ó plan novo poderán inscribirse nun máximo de 3 materias do plan vello das que estiveran matriculados no curso 2002-2003 para examinarse delas na convocatoria extraordinaria de decembro.

A inscrición devengará o 25% dos prezos públicos por matrícula sen dereito a docencia, establecidos no Decreto de prezos públicos anual publicado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e dará dereito á presentación ó exame por unha soa vez en dita convocatoria.

SEGUNDO.- A superación de materias nesta convocatoria extraordinaria dará lugar, de oficio, a unha ampliación da resolución de adaptación do alumno conforme ó cadro de adaptacións correspondente. Na comunicación desta ampliación ós interesados indicaráselle a posibilidade de modifica-la matrícula realizada, dándolles un prazo de 10 días para efectuala.


TERCEIRO.- Os alumnos inscritos na convocatoria extraordinaria de decembro, consideraranse alumnos do plan novo para todo o non previsto nesta Resolución.

CUARTO.- A autorización de inscrición de alumnos adaptados ó plan novo en materias do plan vello para render exame na convocatoria extraordinaria de decembro, terá efecto exclusivamente para o curso 2003/2004.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2003

O RECTOR




Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL – SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO- SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE DEREITO- SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA – SR. XEFE DOS SERVICIO INFORMÁTICOS – SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. – SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA – SR/A XEFE/A DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SU